

Resumen da convocatoria

ORDE do 12 de agosto de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa para a promoción do emprego autónomo, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015.

1. Poderáselle conceder á persoa desempregada, co obxecto de facilitarlle ingresos durante o inicio da actividade e posta en marcha da iniciativa empresarial ou profesional, unha subvención polo seu establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia, sempre que se acredite un investimento en inmovilizado material ou intanxible necesario para o desenvolvemento da actividade por unha contía non inferior a 3.000 euros sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación e se realice no período comprendido entre os tres meses anteriores ao inicio de actividade e os seis meses posteriores ao dito inicio, coa data límite, en todo caso, do 20 de decembro de 2015. No caso da persoa física que estea incluída no réxime especial de recarga de equivalencia, regulado nos artigos 148 e seguintes da Lei do IVE (Lei 37/1992, do 28 de decembro), o IVE non é susceptible de recuperación polo que se deberá ter en conta para o cumprimento do requisito de investimento mínimo.

No caso de comunidades de bens e sociedades civís, para a acreditación do requisito do investimento mínimo de 3.000 euros realizado por cada persoa comuneira ou socia solicitante da subvención terase en conta a súa porcentaxe de participación na comunidade de bens ou sociedade civil.

2. As contías desta subvención serán as seguintes:

- 5.000 € persoas desempregadas en xeral.
- 8.000 € desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.
- 10.000 € muller desempregada con discapacidade ou pertencente a colectivos en risco ou situación de exclusión social.

3.- O prazo para a presentación de solicitudes de axudas do programa para a promoción do emprego autónomo será de un mes contado a partir do día seguinte a data de publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia

Mais información no Edificio de Foremdes (telef 981433368) ou no Concello.